

CONCELLO DE AMES
ANUNCIO

Convocatoria do proceso selectivo para a contratación do persoal directivo e docente e por un período de nove meses para a execución do obradoiro de emprego RENOVA VERDE
Expediente GD 7890/2026

Mediante Decreto 1512/2026, de 22 de maio, **RESOLVEUSE:**

(.....)

“Segundo.- Aprobar as bases do proceso selectivo para a contratación de 20 alumnos/traballadores e do equipo directivo e docente que se conformará por un director/a, dous mestres de especialidade e un titor/a por un período de nove meses. para a execución do obradoiro de emprego RENOVA VERDE, as cales constan como anexo desta resolución.”

**BASES PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO E DOCENTE DO
OBRADOIRO DE EMPREGO “RENOVA VERDE”**

O Obradoiro de Emprego Dual “RENOVA VERDE” configúrase como un programa experiencial de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaoto ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Este programa está subvencionado ao amparo da Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG núm. nº 228, do 25 de novembro de 2025 e promovido polos concellos de Ames e Brión.

Respéctase o establecido na Resolución de concesión da subvención, de data do 17 de abril de 2026 notificada no mesmo día e con Núm. de expediente TR353A-2025/000080-1 e a circular recibida o 20 de abril de 2026 da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración coas Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emprego talento mozo. Convocatoria 2026-27.

PRIMEIRA.- OBXECTO

Estas bases teñen como finalidade o establecemento do sistema, procedemento e baremos que se aplicarán na selección do persoal directivo e docente do obradoiro de emprego dual “RENOVA VERDE”, de conformidade co previsto no capítulo III Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2026, e coas Instrucións ditadas pola Dirección

Xeral de Formación para o Emprego e Orientación que a desenvolven.

O obradoiro terá unha duración de **9 meses** e formará a **20 alumnos/as traballadores/as**, 10 para cada unha das especialidades.

As **especialidades** a impartir son as seguintes:

- ✓ **Certificado de profesionalidade ENAE0108 MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS. 10 alumnos/as**
- ✓ **Certificado de profesionalidade AGAO0208 INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES. 10 alumnos/as**

A **distribución** por concellos é a seguinte:

- Concello de Ames: 15 alumnos/as
- Concello de Brión: 5 alumnos/as

As **actuacións** a realizar son as seguintes:

Concello de Ames

- Obra Ames 1: Instalación fotovoltaica casa da cultura de Bertamiráns
- Obra Ames 2: Instalación fotovoltaica centro de formación e emprego de Aldeanova
- Obra Ames 4: Recuperación ambiental do bosque en galería e obras de xardinería no parque do Ameneiral. Bertamiráns
- Obra Ames 5: Instalación de xardín climático na Madalena. O Milladoiro
- Obra Ames 6: Mantemento dos xardíns da Rúa Anxeriz. O Milladoiro
- Mtto. 1: Mantemento de instalación fotovoltaica no campo de fútbol de Bertamiráns
- Mtto. 2: Mantemento de instalación fotovoltaica no pavillón polideportivo de Bertamiráns
- Mtto. 3: Mantemento de instalación fotovoltaica no campo de fútbol do Milladoiro
- Mtto. 4: Mantemento de instalación fotovoltaica na casa da cultura e en instalacións deportivas do Milladoiro
- Mtto. 8: Mantemento de instalación fotovoltaica depuradora de Ameixenda do concello de Ames
- Mtto. 9: Mantemento de instalación fotovoltaica depuradora de Milladoiro do concello de Ames
- Mtto. 11: Mantemento instalación fotovoltaica ETAP de Lens do concello de Ames-Brión
- Mtto. 13: Mantemento e conservación instalación fotovoltaica EDAR de Sisalde do concello de Ames
- Mtto. 14: Mantemento de instalación fotovoltaica piscina municipal de Bertamiráns
- Mtto. 15: Mantemento de instalación fotovoltaica piscina municipal de Milladoiro
- Mtto. 16: Mantemento e conservación instalación fotovoltaica Escola Infantil A Madalena de Milladoiro
- Mtto. 17: Mantemento e conservación instalación fotovoltaica Escola Infantil O Bosque de Bertamiráns

Concello de Brión

- Obra Brión 3: Instalación e mellora das zonas verdes e rotondas do concello de Brión
- Mtto. 5: Mantemento de instalación fotovoltaica Escola Infantil de Brión
- Mtto. 6: Mantemento de instalación fotovoltaica pavillón polideportivo de Brión
- Mtto. 7: Mantemento de instalación fotovoltaica espazo colaborativo Transformando do concello de Brión
- Mtto. 10: Mantemento de instalación fotovoltaica centro social Polivalente de Brión
- Mtto. 12: Mantemento de instalación fotovoltaica pérgola FV biblioteca do concello de Brión
- Mtto. 18: Mantemento de instalación fotovoltaica Escola de Música de Brión

Contratarase ao seguinte persoal directivo e docente para o obradoiro de emprego:

| | |
|--|------------------|
| 1 Director/a | Xornada completa |
| 1 Mestre/a da especialidade MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS (ENAO108) | Xornada completa |
| 1 Mestre/a da especialidade INTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES (AGAO0208) | Xornada completa |
| 1 Técnico/a coordinador/a de formación e mestre/a de formación complementaria (titor/xestión empresarial...) | Xornada completa |
| 1 Auxiliar administrativo/a | Xornada completa |

SEGUNDA.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO

A vinculación xurídica será de **funcionario/a interino/a por programa para este proxecto concreto denominado "Obradoiro Dual de Emprego RENOVA VERDE"**. A relación con este persoal rexerese pola previsto no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A contratación do persoal será pola duración total do obradoiro establecido en 9 meses dende a data de inicio prevista o 16 de xuño de 2026 ou da que se fixe no suposto de autorizarse unha ampliación da data prevista.

As persoas seleccionadas percibirán as retribucións que se sinalan no proxecto elaborado polas entidades promotoras do obradoiro conforme a normativa xurídica aplicable, sen que poidan participar na distribución de fondos, nin percibir retribucións distintas as establecidas.

TERCEIRA.- PUBLICIDADE DO PROCESO

As presentes bases reguladoras deste proceso de selección, unha vez aprobadas pola entidade promotora, expóranse ao público no taboleiro de anuncios dos concellos participantes e na do concello promotor e na web municipal do Concello de Ames.

Ademais, enviaranse á oficina de emprego de Ames e, no seu caso, á Xefatura Territorial correspondente.

Todas as fases do proceso se darán a coñecer no taboleiro de anuncios do Concello de Ames e nas webs dos concellos participantes.

Publicarase un anuncio do extracto da convocatoria para a apertura do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e remitirase a oferta a oficina de emprego correspondente.

Rematado o procedemento de selección, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e á xefatura territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como persoal directivo e docente. Asemade, os obradoiros de emprego concedidos serán obxecto de difusión a través do Portal de Emprego de Galicia (emprego.xunta.gal).

Os anuncios relativos ó proceso selectivo, expóranse no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na web do Concello de Ames.

CUARTA.- REQUISITOS COMÚNS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para tomar parte neste proceso selectivo todo aspirante deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Nacionalidade: Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade

que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas ca nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pala Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.

b) Capacidade funcional : Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo órgano de selección medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

c) Habilitación: Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para ao desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

d) Compatibilidade: Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo

QUINTA.- O GRUPO DE SELECCIÓN

1. O grupo de selección terá como función a valoración de méritos alegados polos/as aspirantes. Os membros serán 5, 3 designados pola alcaldía do concello de Ames e 2 pola alcaldía do concello de Brión. Un/unha deles actuará como presidente/a e outro como secretario/a.

O grupo de selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O nomeamento destas/es asesoras/es especialistas corresponderalle aos alcalde do concello de Ames a proposta do grupo de selección.

2. As decisións do grupo de selección tomaranse pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente/a, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

Se, por calquera causa, no momento no que teñan lugar as reunións do grupo de selección, algún dos seus membros non puidera asistir, sería substituído pola persoa que figurase de suplente para ela.

As reunións do grupo de selección recolleranse nas actas correspondentes.

Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do grupo

selección nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

O grupo de selección considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de tres dos seus compoñentes.

SEXTA. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO

1. Convocatoria pública: Para levar a cabo o procedemento de selección do persoal directivo e docente e de apoio emprégase convocatoria pública que se publicitará segundo se indica no apartado 2º.

2. Presentación de instancias: As persoas que desexen participar na presente convocatoria deberán presentar instancia dirixida ao alcalde do Concello de Ames segundo o modelo que figura ó final das presentes bases, segundo ó/s posto/os a optar.

O prazo de **presentación de instancias e documentación acreditativa dos méritos será de cinco (5) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

Simultaneamente cursarase oferta de emprego. O Concello de Ames tramitará a correspondente oferta de emprego na oficina de emprego de Santiago Centro, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas.

A oferta rexístrase como unha oferta de tipo A ordinario. As ofertas de emprego serán elaboradas pola entidade promotora, tramítaranse na oficina de emprego e serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia.

A oficina de emprego remitirá comunicación ás persoas seleccionadas para que no **prazo de cinco (5) días hábiles** dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, presenten as **instancias e documentación acreditativa dos méritos**.

As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego como demandantes de emprego e **terán preferencia as persoas que, en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido, se atopen en situación de desemprego** (artigo 11.5 da Orde).

O número máximo de persoas candidatas a remitir realizada pola oficina de emprego para cada praza será de dez (10), debendo considerar, na medida do posible, un mínimo de tres (3) persoas candidatas por posto.

O ámbito da sondaxe será o dos Concellos de Ames e Brión ampliándose, no caso de non obter o número de candidatos/as suficiente, aos outros concellos dos ámbitos territoriais das oficinas de emprego a que pertencen os concellos promotores e, de ser necesario, a toda a provincia ou á Comunidade Autónoma de Galicia.

A oficina de emprego de xestión da oferta citará ás persoas candidatas outorgándolles un **prazo de 5 días hábiles para** presentar a documentación a valorar do Anexo I destas bases. Na carta a oficina indicarlles que as persoas candidatas deben presentar o seu currículo, acompañado da vida laboral actualizada e demais documentación acreditativa dos méritos alegados.

A documentación presentarase no Rexistro xeral do Concello de Ames, especificando de xeito claro que é para o Obradoiro Dual de Emprego RENOVA VERDE, de forma presencial ou a través da sede electrónica.

As instancias poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, na súa Sede Electrónica ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar:

- a) DNI, NIE, ou pasaporte.
- b) Titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial, título provisional ou certificación académica na que conste o abono das taxas e a data de expedición do título.
- c) Os cursos realizados, que se xustificarán cos correspondentes diplomas.
- d) A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
 - Traballo por conta allea: contratos de traballo ou certificados de empresa acompañados do informe da vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada.
 - Traballadores autónomos: alta e baixa no imposto de actividades económicas acompañada de informe de vida laboral. No caso de non estar obrigado, documento que lle exima de obriga- ción de cotizar.
 - Traballos no estranxeiro: certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os pe- ríodos cotizados.
- e) Título CELGA ou equivalente homologado según o posto ao que se opte.
- f) Certificado de discapacidade (no seu caso), así coma solicitude de adaptación de tempos e medios.
- g) Documentos acreditativos dos méritos a valorar no presente proceso de selección. Aqueles méritos non acreditados non serán valorados.

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado coque teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo. Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España. Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente. Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, podendo unicamente solicitar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias. A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

3. Admisión das persoas aspirantes. Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección e a hora e lugar para a súa constitución. Tamén se aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión ao proceso selectivo que publicará na web e no taboleiro de anuncios do Concello de Ames e será determinante para os efectos de posibles reclamacións.

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dous (2) días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos. A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía. Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará na web e no taboleiro de anuncios do Concello de Ames. No caso de que se produza a admisión de todos os/as candidatos/as presentados/as, sen exclusións, poderase prescindir da aprobación e publicación das listas provisionais.

4. O proceso selectivo conta cunha fase de valoración de méritos (13 puntos).

VALORACIÓN DE MÉRITOS (13 puntos)

Consiste na valoración dos méritos achegados polas persoas candidatas, segundo se indica no Anexo. Faranse públicas as puntuacións no taboleiro de anuncios do Concello de Ames e na web municipal.

A puntuación final do proceso selectivo virá dada pola puntuación obtida na fase de valoración de méritos.

Selección definitiva das persoas candidatas: A selección do persoal directivo e docente será efectuada polo órgano de selección que aplicará o baremo de méritos establecido para cada caso no Anexo das presentes bases.

5. Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orde de prelación:

- a. O maior tempo acreditado como persoa desempregada.
- b. Completar na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia.
- c. A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- d. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- e. De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- f. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- g. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- h. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- i. A persoa candidata de maior idade

Segundo o establecido nas Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Colocación do 17/04/2026, punto 16.

6. Puntuacións finais.

O órgano de selección procederá a establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento por orde de puntuación constituíndo a proposta para a súa posterior contratación pola entidade promotora. Estas listaxes publicaranse na web e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados desde o seguinte ó da publicación da antedita listaxe no taboleiro de anuncios do Concello para presentar as reclamacións e emendas que estimen oportunas en relación coa baremación. Resoltas as posibles alegacións e emendas ou transcorrido o prazo sen terse presentado ningunha, o órgano de selección fará públicas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web a listaxe definitiva de aspirantes que tiveran superado o proceso selectivo por orde da puntuación obtida de maior a menor.

Así mesmo, esta relación de aprobado/s presentarase ao alcalde coa proposta para o seu nomeamento. O órgano de selección non poderá aprobar nin incluír na proposta de nomeamento un número superior de aspirantes ao de prazas que se convocaran, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma. Co obxecto de facer efectiva a toma de posesión, as persoas aspirantes propostas, chegarán no prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir da publicación da relación definitiva dos aspirantes aprobados no Taboleiro de anuncios do concello, a seguinte documentación:

a) Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en tuación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, acceso ó emprego público.

b) Declaración responsable de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión. Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Aportada a documentación esixida nesta base e acreditados a totalidade dos requisitos, a Alcaldía ditará resolución de contratación dos aspirantes propostos e formalizará a correspondente toma de posesión para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique.

7. Bolsa de agarda

Rematado o proceso selectivo, elaborárase unha **bolsa de agarda** integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa candidata proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria. Esta listaxe empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada. Poderá ser utilizada dita bolsa de agarda para posteriores obradoiros, cunha duración prevista de catro anualidades.

No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección, de conformidade co previsto nas instrucións que se determine pola consellería correspondente.

SÉTIMA.- NORMAS FINAIS

O órgano de selección queda facultado para resolver tódalas cuestións que puideran suscitarse durante o desenvolvemento das probas ou na cualificación e resolverá das mesmas, podendo adoptar cantas medidas estimen oportunas para a debida orde de selección, así coma os acordos precisos para a resolución de cantos litixios se susciten e cando a súa resolución non este prevista nestas bases.

Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente de aplicación.

Tódolos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso faranse públicos, a través da páxina web do Concello de Ames.

Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do órgano de selección, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Contra as presentes Bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente o recurso de reposición.

samente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.”

En Ames, na data da sinatura dixital

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
26/05/2026 B037CE7746E00042B821F27361C8D674323E3E68

POSTO DE TRABALLO:
Alcaide, Ames

NOME:
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F30E676D41A5D4DBA



ANEXO I. CRITERIOS E BAREMO PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO

CRITERIOS XERAIS

PARA TODOS OS POSTOS

DOCUMENTACIÓN

- Titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial, título provisional ou certificación académica na que conste o abono das taxas e a data de expedición do título.
- Os cursos realizados, que se xustificarán cos correspondentes diplomas.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
 - Traballo por conta allea: contratos de traballo ou certificados de empresa acompañados do informe da vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada.
 - Traballadores autónomos: alta e baixa no imposto de actividades económicas acompañada de informe de vida laboral. No caso de non estar obrigado, documento que lle exima de obrigaón de cotizar.
 - Traballos no estranxeiro: certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos cotizados.

Terase en consideración os seguintes criterios xerais:

a) Titulacións complementarias: Valorarase posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no procedemento selectivo sempre que a complemente ou estea relacionada coas funcións a desenvolver por quen resulte seleccionado. Consecuentemente, a dita titulación mínima unicamente se terá en conta para determinar a admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo, e non poderá ser obxecto de valoración posterior.

b) Experiencia profesional: Valoraranse os períodos de meses completos de traballo, tanto por conta propia como allea, en postos relacionados coa especialidade formativa a impartir ou actividade a desenvolver no proxecto formativo. Tamén poderá valorarse a experiencia docente na materia.

Se as bases establecen un tempo mínimo de experiencia profesional e/ou docente para acceder ao proceso selectivo, o dito período condicionarará a admisión do aspirante á selección pero non poderá ser obxecto de valoración posterior.

c) Cursos realizados: Deben estar relacionados coas funcións a desenvolver, tendo en conta que non serán valorados aqueles que teñan unha duración inferior a vinte horas lectivas nin os que na súa documentación acreditativa non figure a súa duración en horas.

d) Coñecementos do idioma galego: Serán valorados aqueles cursos ou titulacións homologados pola Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Aquelas persoas candidatas que xa presentaran a dita documentación acreditativa para o proceso selectivo de obradoiros de emprego, e lle fora valorada no ano 2024 para ao mesmo posto no concello de Ames, só precisarán presentar a actualización de méritos dende a última convocatoria valorada para o dito posto.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
26/05/2026 B037CE7746E00042B821F27361C8D6743263E368

POSTO DE TRABALLO: Alcalde, Ames
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F30E676D41A5D44DBA

NOME: GARCÍA PIÑEIRO, JOSE BLAS



CRITERIOS ESPECÍFICOS

CRITERIOS E BAREMOS PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA DIRECTOR/A

FUNCIÓNS:

Encargarase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, entidades promotoras e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo, coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente:

1. Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
2. Presentar ante a Dirección Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e ante os concellos participantes as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
3. Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
4. Supervisar a formación do alumnado traballador e a labor educativa do persoal docente.
5. Colaborar co/a técnico/a coordinador/a de formación para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
6. Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencias, puntualidade, comportamento no posto de traballo..., todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
7. Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado traballador.
8. Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
9. Levar a cabo a xustificación económica e documental do proxecto ante a Consellería.

Será contratado/a a tempo completo.

REQUISITOS MÍNIMOS:

- Idade: Ter 16 ou mais anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- Titulación: estar en posesión ou en condición de obter, na data de remate do prazo de admisión de instancias, o título universitario oficial de grao. Tamén poderán acceder a este corpo as persoas que estean en posesión das titulacións de licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou equivalente. Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír as titulacións extinguidas.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

- Requisitos lingüísticos : Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA 4, equivalente ou superior. As persoas aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega que consistira nunha proba oral.
- Outros requisitos : Permiso de conducir



- Experiencia profesional mínima de 24 meses na ocupación.

A titulación ou acreditación esixida como requisito mínimo para participar no proceso selectivo non será obxecto de valoración como mérito

VALORACIÓN DE MÉRITOS

1. Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro relacionada coas funcións a desenvolver, máximo 2 puntos (Valorarase posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida)

- Doutoramento: 1,25 puntos.
- Master universitario, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Posgrao universitario, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior en formación profesional da rama correspondente ou o seu equivalente: 0,10 puntos.
- Título de técnico/a medio en formación profesional da rama correspondente ou o seu equivalente: 0,05 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Valorarase unicamente como máster universitario ou posgrao os que así se identifiquen no propio título ou veñan acompañados dunha certificación que acredite a dita categoría de máster ou posgrao.

2. Experiencia profesional, máximo 8 puntos.

Valorarase os períodos por meses completos de traballo, tanto por conta propia como allea, en postos relacionados co posto obxecto da convocatoria a razón de :

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 3 puntos.

Ao requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior (24 meses).

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **8 puntos**.

3. Cursos realizados, máximo 2 puntos.:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valorarase como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos... non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.



4. Coñecementos do idioma galego, máximo 1 punto:

- Celga 5: 1 punto

PUNTUACIÓN FINAL

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación (**Máximo: 13 puntos**). No caso de empate serán de aplicación os Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas (Base SEXTA)

DOCUMENTACIÓN :

As persoas aspirantes deberán acudir provistas de DNI ou documento identificativo válido en vigor sempre que sexan convocadas para cada fase do proceso.

Para acreditar os méritos será necesario presentar a documentación segundo se indica:

A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.

O apartado de formación acreditarase coa presentación de titulacións, certificacións de asistencia ou diplomas expedidas polo organismo ou centro correspondente; deben ser outorgadas ou impartidas por universidades e centros de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua. Deben constar o número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos. No caso de que se participara en varias accións formativas sobre a mesma materia, serán excluídas as de duración inferior.

A experiencia profesional, que deberá xustificarse:

- ✓ **Traballo por conta allea:** Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de copia de contratos, nómina, certificado de empresa ou outro documento onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral
- ✓ **Traballadores autónomos:** Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social no que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida, así como a alta no IAE (actualizada). Ademais, xustificarse o traballo efectivo no período de alta na SS coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio válido en dereito no que consten os servizos prestados. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral



CRITERIOS E BAREMOS PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO/A COORDINADOR/A DE FORMACIÓN

FUNCIÓNS:

As súas funcións serán:

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir o programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Coordinación da programación didáctica do obradoiro coa dirección e cos docentes.
- Impartir a formación en materia de xestión empresarial, información, orientación e inserción laboral, iniciación á informática, sensibilización ambiental e igualdade de xénero.
- Levar a cabo as tarefas relativas a información, orientación e inserción laboral do alumnado-traballador.
- Elaborar e preparar a documentación necesaria facilitada pola dirección.
- Realizar visitas a empresas para captación de ofertas de emprego, levar a cabo tarefas de intermediación laboral e acompañamento na inserción laboral dende o inicio do obradoiro.
- Realizar o adestramento en habilidades para a busca de emprego, asesoramento legal nas relacións laborais, busca de oportunidades de emprego, definicións de perfís profesionais e realizar a difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre os/as alumnos/as traballadores/as.
- Controlará a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador, notificando á dirección do obradoiro as incidencias que se produzan.

Será contratado/a a tempo completo.

REQUISITOS MÍNIMOS:

- Idade: Ter 16 ou mais anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- Titulación: Titulación universitaria de licenciatura ou grao.
Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír as titulacións extinguidas.
As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.
- Requisitos lingüísticos : Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA 4, equivalente ou superior. As persoas aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega que consistira nunha proba oral.
- Outros requisitos : Experiencia profesional mínima de 48 meses na ocupación.

VALORACIÓN DE MÉRITOS

1. Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro relacionada coas funcións a desenvolver, máximo 2 puntos (Valorarase posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida)

- Doutoramento: 1,25 puntos.
- Master universitario, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Posgrao universitario, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente

- 0,10 puntos.
- Título de técnico/a medio en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,05 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Valoraranse unicamente como máster universitario ou posgrao os que así se identifiquen no propio título ou veñan acompañados dunha certificación que acredite a dita categoría de máster ou posgrao.

2. Experiencia profesional, máximo 7 puntos.

Valoraranse os períodos por meses completos de traballo, tanto por conta propia como allea, en postos relacionados co posto obxecto da convocatoria a razón de :

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 2 puntos.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **7 puntos**.

3. Cursos realizados, máximo 2 puntos:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

4. Cursos de formación didáctica, máximo 1 punto:

- Curso de especialización docente (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de metodoloxía didáctica (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de formador de formadores (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P. ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

5. Coñecementos do idioma galego, máximo 1 punto:

- Celga 5: **1 punto**

PUNTUACIÓN FINAL

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación (**Máximo: 13 puntos**). No caso de empate serán de aplicación os Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas (Base SEXTA)



DOCUMENTACIÓN:

As persoas aspirantes deberán acudir provistas de DNI ou documento identificativo válido en vigor sempre que sexan convocadas para cada fase do proceso.

Para acreditar os méritos será necesario presentar a documentación segundo se indica: A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.

O apartado de formación acreditarase coa presentación de titulacións, certificacións de asistencia ou diplomas expedidas polo organismo ou centro correspondente; deben ser outorgadas ou impartidas por universidades e centros de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua. Deben constar o número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos. No caso de que se participara en varias accións formativas sobre a mesma materia, serán excluídas as de duración inferior.

A experiencia profesional, que deberá xustificarse:

✓ **Traballo por conta allea:** Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de copia de contratos, nómina, certificado de empresa ou outro documento onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral

✓ **Traballadores autónomos:** Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social no que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida, así como a alta no IAE (actualizada). Ademais, xustificarse o traballo efectivo no período de alta na SS coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio válido en dereito no que consten os servizos prestados. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral

CRITERIOS E BAREMOS PARA A SELECCIÓN DE MESTRES/AS DE OBRADOIRO

1. MESTRE CON FORMACIÓN ESPECIALIZADA EN INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Será contratado/a a xornada completa 1 mestre/a para a especialidade MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS ENAE0108.

FUNCIÓNS:

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a formación correspondente ao seu oficio e de actuar como mestre/a da súa especialidade nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional do alumnado traballador.

As súas funcións serán:

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir o programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado traballador, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado traballador, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador.

REQUISITOS MÍNIMOS:

1. Os candidatos e as candidatas a docentes, para seren validados, deben cumprir o disposto no artigo 168 do Real decreto 659/2023. Este cumprimento implica que os docentes deben reunir UN dos seguintes requisitos:
 - Estar en posesión de título de grado universitario, licenciado ou licenciada, Enxeñeiro ou Enxeñeira Arquitecto ou Arquitecta, ou titulación equivalente ou, no seu caso, a titulación de Formación Profesional que



a efectos de docencia, se determine, de acordo coa normativa que regule cada certificado profesional. En todo caso, esixirase que as titulacións citadas incorporen nos seus plans de estudo contidos vinculados cos resultados de aprendizaxe da formación a impartir. Ademais, deben dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do citado Real decreto.

- Pertencer ás especialidades docentes habilitadas para impartir formación profesional no sistema educativo.
- Ter experiencia profesional de, ao menos, catro anos axustada aos estándares de competencia ou elementos de competencia asociados aos módulos profesionais ou bloques formativos a impartir e dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do citado Real decreto.

Non será esixible como requisito imprescindible senón como mérito a experiencia profesional aos formadores e formadoras para impartir docencia nos certificados de profesionalidade regulados con anterioridade á entrada en vigor do RD 659/2023, cando contén coa acreditación ou titulación requirida que figura en cada un dos reais decretos polos que se establece cada Certificado de profesionalidade.

2. Coñecemento de linguas: CELGA 4

3. Carné de conducir B.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

1. Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro relacionada coas funcións a desenvolver, máximo 2 puntos (Valorarase posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida)

- Doutoramento: 1,25 puntos.
- Master universitario, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Posgrao universitario, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,10 puntos.
- Título de técnico/a medio en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,05 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Valoraranse unicamente como máster universitario ou posgrao os que así se identifiquen no propio título ou veñan acompañados dunha certificación que acredite a dita categoría de máster ou posgrao.

2. Experiencia profesional, máximo 7 puntos.

Valoraranse os períodos por meses completos de traballo, tanto por conta propia como allea, en postos relacionados co posto obxecto da convocatoria a razón de :

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 2 puntos.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **7 puntos**.

3. Cursos realizados, máximo 2 puntos.:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso



- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos... non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

4. Cursos de formación didáctica, máximo 1 punto: A MAIORES DA MÍNIMA ESIXIDA.

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P. ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

5. Coñecementos do idioma galego, máximo 1 punto:

- Celga 5: **1 punto**

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

PUNTUACIÓN FINAL

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación (**Máximo: 13 puntos**). No caso de empate serán de aplicación os Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas (Base SEXTA)

DOCUMENTACIÓN :

As persoas aspirantes deberán acudir provistas de DNI ou documento identificativo válido en vigor sempre que sexan convocadas para cada fase do proceso.

Para acreditar os méritos será necesario presentar a documentación segundo se indica: A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.

O apartado de formación acreditarase coa presentación de titulacións, certificacións de asistencia ou diplomas expedidas polo organismo ou centro correspondente; deben ser outorgadas ou impartidas por universidades e centros de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua. Deben constar o número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos. No caso de que se participara en varias accións formativas sobre a mesma materia, serán excluídas as de duración inferior.

A experiencia profesional, que deberá xustificarse:

✓ **Traballo por conta allea:** Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de copia de contratos, nómina, certificado de empresa ou outro documento onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral

✓ **Traballadores autónomos:** Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social no que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida, así como a alta no IAE (actualizada). Ademais, xustificarse o traballo efectivo no período de alta na SS coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio válido en dereito no que consten os servizos prestados. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral



2. MESTRE/A EN FORMACIÓN ESPECIALIZADA EN INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES (AGAO0208)

Será contratado a xornada completa 1 mestre/a da especialidade INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES (AGAO0208)

FUNCIÓNS:

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a educación correspondente ao seu oficio e de actuar como mestre/a das súa especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional do alumnado traballador.

As súas funcións serán:

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir o programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado traballador, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado traballador, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Os candidatos e as candidatas a docentes, para seren validados, deben cumprir o disposto no artigo 168 do Real decreto 659/2023, tanto se a súa proposta procede dun proceso de selección como se se trata da continuidade de persoal contratado anteriormente. Este cumprimento implica que os docentes deben reunir UN dos seguintes requisitos:

- Estar en posesión de título de grado universitario, licenciado ou licenciada, Enxeñeiro ou Enxeñeira e Arquitecto ou Arquitecta, ou titulación equivalente ou, no seu caso, a titulación de Formación Profesional que, a efectos de docencia, se determine, de acordo coa normativa que regule cada certificado profesional. En todo caso, esixirase que as titulacións citadas incorporen nos seus plans de estudo contidos vinculados cos resultados de aprendizaxe da formación a impartir. Ademais, deben dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do citado Real decreto.
- Pertencer ás especialidades docentes habilitadas para impartir formación profesional no sistema educativo.
- Ter experiencia profesional de, ao menos, catro anos axustada aos estándares de competencia ou elementos de competencia asociados aos módulos profesionais ou bloques formativos a impartir e dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do citado Real decreto.

Non será esixible como requisito imprescindible senón como mérito a experiencia profesional aos formadores e formadoras para impartir docencia nos certificados de profesionalidade regulados con anterioridade á entrada en vigor do RD 659/2023, cando contén coa acreditación ou titulación requirida que figura en cada un dos reais decretos polos que se establece cada Certificado de profesionalidade.

2. Coñecemento de linguas: CELGA 4
3. Carné de conducir B.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

1. Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro relacionada coas funcións a desenvolver, máximo 2 puntos (Valorarase posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida)

- Doutoramento: 1,25 puntos.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO: 26/05/2026 B037CE7746E00042B821F27361C8D6743263E368
POSTO DE TRABAJO: Alcalde, Ames
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F30E676D41A5D44DBA
NOME: GARCÍA PIÑEIRO, JOSE BLAS



- Master universitario, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Posgrao universitario, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,10 puntos.
- Título de técnico/a medio en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,05 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Valoraranse unicamente como máster universitario ou posgrao os que así se identifiquen no propio título ou veñan acompañados dunha certificación que acredite a dita categoría de máster ou posgrao.

2. Experiencia profesional, máximo 7 puntos.

Valoraranse os períodos por meses completos de traballo, tanto por conta propia como allea, en postos relacionados co posto obxecto da convocatoria a razón de :

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 2 puntos.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **7 puntos**.

3. Cursos realizados, máximo 2 puntos.

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos... non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

4. Cursos de formación didáctica, máximo 1 punto: A MAIORES DA MÍNIMA ESIXIDA.

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P. ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

5. Coñecementos do idioma galego, máximo 1 punto:

- Celga 5: **1 punto**

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.



De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

PUNTUACIÓN FINAL

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación **(Máximo: 13 puntos)**. No caso de empate serán de aplicación os Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas (Base SEXTA)

DOCUMENTACIÓN :

As persoas aspirantes deberán acudir provistas de DNI ou documento identificativo válido en vigor sempre que sexan convocadas para cada fase do proceso.

Para acreditar os méritos será necesario presentar a documentación segundo se indica: A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.

O apartado de formación acreditarase coa presentación de titulacións, certificacións de asistencia ou diplomas expedidas polo organismo ou centro correspondente; deben ser outorgadas ou impartidas por universidades e centros de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua. Deben constar o número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos. No caso de que se participara en varias accións formativas sobre a mesma materia, serán excluídas as de duración inferior.

A experiencia profesional, que deberá xustificarse:

✓ **Traballo por conta allea:** Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de copia de contratos, nómina, certificado de empresa ou outro documento onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral

✓ **Traballadores autónomos:** Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social no que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida, así como a alta no IAE (actualizada). Ademais, xustificarse o traballo efectivo no período de alta na SS coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio válido en dereito no que consten os servizos prestados. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral.

| | | | |
|------------------------------|----------------------|---|--|
| PROCEDEMENTO | | OBRADOIRO DE EMPREGO RENOVA VERDE | |
| INSCRICIÓN PROCESO SELECTIVO | | <input type="checkbox"/> DIRECTOR/A <input type="checkbox"/> DOCENTE INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS <input type="checkbox"/> DOCENTE XARDÍNS E ZONAS VERDES <input type="checkbox"/> TECNICO/A COORDINADOR | |
| SOLICITANTE | | | |
| DNI | NOME E APELIDOS | | |
| DATA NACEMENTO | LOCALIDADE NACEMENTO | PROVINCIA | |

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO: 26/05/2026 B037CE7746E00042B821F27361C8D6743263E368

POSTO DE TRABALLO: Alcalde_Ames

NOME: GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS



Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F30E676D41A5D44DBA

| | | |
|------------------------------------|-----------|--------------------|
| ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN | | |
| TELÉFONO | RÚA/ Nº | |
| MUNICIPIO | PROVINCIA | CORREO ELECTRÓNICO |

DECLARO que todos os datos son certos.

| |
|--|
| SOLICITA |
| <p>Participar nas probas selectivas ás que se refire a presente solicitude e, asemade, se achega a seguinte documentación:</p> <p><input type="checkbox"/> DNI, NIE ou pasaporte.</p> <p><input type="checkbox"/> Titulación e documentación que acredite o cumprimento dos requisitos específicos establecidos nestas bases</p> <p><input type="checkbox"/> Título CELGA.</p> <p><input type="checkbox"/> Permiso de conducir clase B</p> <p><input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade (no seu caso), así coma solicitude de adaptación de tempos e medios.</p> <p><input type="checkbox"/> Documentos acreditativos dos méritos a valorar no presente proceso de selección. Aqueles méritos non acreditados non serán valorados.</p> |

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

| | |
|--|--|
| Responsable do tratamento | Concello de Ames |
| Finalidades do tratamento | Xestionar a convocatoria e resolución do proceso selectivo do persoal directivo e docente do obradoiro de emprego "RENOVA VERDE", verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado. |
| Lexitimación para o tratamento | Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. |
| Destinatarios dos datos | A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento publicarase a listaxe de persoas admitidas e excluídas e a resolución do proceso no taboleiro da sede electrónica e na páxina web do Concello de Ames. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada. |
| Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional | https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais |

En _____, a _____ de _____ de 2026.

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO: 26/05/2026 B037CE7746E00042B821F27361C8D6743263E368

POSTO DE TRABAJO: Alcalde, Ames

NOME: GARCÍA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F30E676D41A5D44DBA



Ames, 26 de maio de 2026

O alcalde

José Blas García Piñeiro

NOME:
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde, Ames

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
26/05/2026 B037CE7746E00042B821F27361C8D6743263E368

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F30E676D41A5D4DBA

